O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha, de forma inmediata, campañas de concienciación masivas para as persoas consumidoras e usuarias que aumenten a demanda de substitutos sustentables e fomenten o uso de bolsas reutilizables.

Pazo do Parlamento, 04 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/07/2019 10:55:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/07/2019 10:55:43

María Luisa Pierres López na data 04/07/2019 10:55:54





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2019 10:58:58
Nº Rexistro: 52244
Data envío: 04/07/2019 10:58:58.160

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2019 10:56:06

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Un dos obxectivos perseguidos en todos os concellos da Costa da Morte é prolongar o período de visitas turísticas á zona, limitado aos meses do verán e Semana Santa a través do Camiño dos Faros fundamentalmente. Esta tan necesaria desestacionalización do turismo comezou a dar os seus primeiros pasos, así agora é frecuente atopar visitantes ao longo do ano en calquera das vilas que compoñen o conxunto do traxecto.

De acordo coa páxina web “O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo de 200 quilómetros que une Malpica con Fisterra polo bordo do mar. Un camiño que ten o mar como maior protagonista e que pasa por todos os faros e principais puntos de interese desta Costa da Morte.”

Un Camiño dos Faros que percorre moitas paisaxes diversas, sempre mirando cara ao mar e cara ao oeste. Faros, praias, dunas, ríos, cantís, bosques, estuarios cunha gran cantidade de aves, mares de granito, castros, dolmens, vilas mariñeiras, miradoiros ao mar que rompe de todas as formas posibles, postas de sol ... e moita maxia. Unha ruta de sendeirismo como poucas, que levará ao camiñante a un mundo de sensacións únicas que só se poden gozar nesta Costa da Morte.”

Estes 200 quilómetros están divididos en 8 etapas, de dificultade media, que vai intensificando o grao de dificultade a medida que as etapas avanzan:

- Etapas 1: Malpica-Niñóns (21,9 Km)
- Etapas 2: Niñóns-Ponteceso (26,1 Km)
- Etapas 3: Ponteceso-Laxe (25,2 Km)
- Etapas 4: Laxe-Arou (17,7 Km)
- Etapas 5: Arou-Camariñas (22,7 Km)
- Etapas 6: Camariñas-Muxía (32 km)
- Etapas 7: Muxía-Nemiña (24,3 Km)
- Etapas 8: Nemiña-Cabo Finisterre (26,2 Km)



Non obstante, estas accións desenvolvidas polo grupo de voluntarios e voluntarias de Camiño dos Faros, que se fan chamar a si mesmos “Trasnos”, precisa de apoios institucionais e económicos. Desde a limpeza do trazado, o cal, non é doado dado que transcorre por zonas abruptas, ata a homologación da ruta. Os concellos afectados contribúen, na medida das súas posibilidades, a manter as distintas etapas transitables, pero estes esforzos non son suficientes.

Nunha xuntanza levada a cabo entre a Asociación de Camiño dos Faros e o CMAT (Asociación de Turismo Costa da Morte), na que están representados os distintos alcaldes e alcaldesas da bisbarra, púxose de manifesto a necesidade da homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido. Non obstante, a día de hoxe, e tras máis de 5 anos de tramitación, a homologación segue sen levarse a cabo por parte do Goberno galego. O cal é difícil de comprender, dada o importante labor que se está a facer, en canto á desestacionalización do turismo na zona.

Son varios os medios a nivel mundial que recoñecen o carácter transversal do Camiño do Faros, como destino conxugando patrimonio natural e cultural: *The Guardian*, *The Telegraph*, *Google Street View*, *Los Angeles Times*, *National Geographic*...

Entendemos que é o momento para que o Goberno galego dunha vez leve a cabo as actuacións precisas para que a homologación do Camiño dos Faros sexa unha realidade dentro do ano 2019.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as medidas oportunas que permitan a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido antes de que remate o ano 2019.

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2019 13:34:09
Nº Rexistro: 52251
Data envío: 04/07/2019 13:34:09.998

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/07/2019 13:30:26

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/07/2019 13:30:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2019 13:31:05





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a perda de emprego de 34 investigadoras en Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa I2C da Xunta é un dos programas de referencia para a captación e retención de talento científico en Galicia. Cun orzamento de 8,5 millóns de euros, ofrece a posibilidade de que as universidades galegas contraten persoal investigador de alto nivel, na súa etapa posdoutoral, despois de que pasaran durante dous anos por centros de investigación de prestixio noutros países.

Despois de tres anos (Modalidade A), os investigadores e investigadoras teñen a posibilidade de renovar a súa vinculación coas universidades galegas durante outros dous anos (Modalidade B), un proceso para o que a Xunta debe publicar unha convocatoria competitiva. Porén, a falta de previsión e un enorme atraso nesa publicación por parte da Consellería de Educación, vén de deixar no paro e nunha situación de grande incerteza a 34 investigadores e investigadoras.

34 investigadores e investigadoras de primeiro nivel contratados polas universidades galegas que veñen de quedar no paro.

A Consellería de Educación publicou hai dúas semanas a convocatoria que debe permitir a renovación por dous anos da vinculación aos seus actuais centros de investigación. Porén, este proceso, que debería ter comezado hai meses, non se resolverá no mellor dos casos ata o 1 de decembro. É dicir, no mellor dos casos votarán cinco meses no paro.





Mentres, a súa participación e numerosos proxectos de investigación está paralizada, e tampouco poderán dar clases durante o primeiro semestre do vindeiro curso. Un novo obstáculo para a súa futura estabilización xa que é un requisito indispensable ter horas de docencia acumulada para conseguir unha praza na Universidade

Ante esta situación varios destes e destas investigadoras están procurando unha saída noutras comunidades ou noutros países e alertan da "fuga de cerebros e de talento" que se pode producir por mor do atraso da Xunta.

Os investigadores e investigadoras afectadas esixen "unha solución para a súa situación ata que se publique a resolución da adxudicación das novas axudas correspondentes á Modalidade B". E sinalan que esta medida "non supón un gasto adicional para a Xunta, xa que queda diñeiro orzado na convocatoria do 2016 sen gastar debido a desvinculación de 15 investigadores do programa", unha cantidade "máis que suficiente para cubrir estes contratos até a resolución da Modalidade B", din

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facilitar contratos temporais-ponte que permitan manter as investigacións en curso no tempo que falta ata a resolución.
2. Establecer prazos fixos para as convocatorias de investigación de xeito que se garanta unha maior estabilidade para a carreira investigadora.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.





Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/07/2019 13:40:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/07/2019 13:40:51

José Manuel Lago Peñas na data 04/07/2019 13:41:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento está a tramitar o “Proxecto de mellora da seguridade viaria na intersección entre as estradas NVI, pk 570+340, e a NVIa, pk579+300”, no concello de Coirós. A citada actuación ten como finalidade mellorar a seguridade viaria nunha intersección moi perigosa, mais ten importantes carencias xa que non contempla medidas moi necesarias en tramos anteriores e posteriores á mencionada intersección, isto é, deste N-VI PK567 (cruce da Espenuca) ata N-VIa PK580, zona na que existe perigo para a circulación dos vehículos e tamén para a mobilidade peonil e ciclista polos seguintes motivos:

- falta de beiravías adecuadas (son demasiado estreitas e están mal delimitadas).
- lamentable estado do pavimento e da sinalización horizontal.
- mala visibilidade nos puntos de entrada/saída dos núcleos a ambos lados da estrada (Os Chas, Colantres, Armea, Queirís).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Aínda que en varios tramos existe limitación de velocidade a 50 km/h, esta non se respecta.

O Ministerio de Fomento debería aproveitar a reforma prevista na intersección entre a NVI e a NVIa para realizar melloras na seguridade e mobilidade, incluíndo no proxecto as seguintes actuacións:

- Renovación do pavimento e da sinalización horizontal no tramo que vai desde o cruce de Queirís ata o cruce da Espenuca.
- Emprego de medidas disuasorias para garantir o cumprimento do límite de velocidade nas zonas marcadas a 50km/h.
- Dotar o treito anterior e posterior á intersección de beiravías máis anchas. Isto poderíase facer eliminando o carril lento desde o PK570+250 ata o cruce da Espenuca. Tamén é necesario no tramo desde a glorieta ata a N-VIa pk580 onde xa está previsto eliminar o carril lento.
- Mellora das entradas/saídas a ambos lados da estrada no treito antes mencionado, para aumentar a visibilidade cando se realizan estas manobras.
- Medidas de protección á altura do local social situado á beira da estrada
- Restrición para residentes do camiño de acceso a Queirís no pk 570, no cal está prevista a remodelación da entrada/saída).
- A saída no PK579+400 na N-VIa é utilizada por vehículos procedentes da Aula da Natureza de Chelo e tamén do concello veciño de Paderne. Débese permitir o xiro á esquerda para evitar que utilicen o camiño local antes mencionado. Nese lugar a visibilidade é boa e agora mesmo, con 3 carrís, ese xiro está permitido.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O lugar é frecuentado por autobuses con visitantes para a Area de Chelo. Cómpre habilitar un espazo para o seu estacionamento á vez que manter as paradas para os buses ordinarios.

- É necesario habilitar algún paso de peóns regulado por semáforo no entorno da futura glorieta.

- Mellora do alumeadado público en toda a zona, incluíndo a rotonda proxectada.

A veciñanza dos lugares de Queirís e A Espenuca leva anos demandando melloras na seguridade viaria na estrada NVI e na intersección coa NVIa, que non aparecen recollidas no proxecto en tramitación, que se centra en resolver a sinistralidade da intersección mais deixa fóra moitas necesidades de mobilidade e seguridade viaria da zona.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que inclúa no proxecto de mellora da seguridade viaria na intersección entre as estradas NVI, pk 570+340, e a NVIa, pk579+300”, no concello de Coirós, as demandas da veciñanza na zona, referidas á mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil nas citadas estradas coas seguintes medidas: construción de beiravías accesibles e seguras, mellora do alumeadado, mellora do pavimento e da sinalización horizontal, paso de peóns regulado por semáforos, medidas disuasorias para garantir o cumprimento dos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

límites de velocidade, mellora dos accesos e saídas desde os viais transversais e medidas de protección na contorna do centro social de Queirís.”

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/07/2019 17:59:59

María Montserrat Prado Cores na data 01/07/2019 18:00:08

Noa Presas Bergantiños na data 01/07/2019 18:00:15

Olalla Rodil Fernández na data 01/07/2019 18:00:26





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/07/2019 18:00:35

Ana Pontón Mondelo na data 01/07/2019 18:00:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada 547 soporta un tráfico intenso tanto de vehículos coma de pelegríns que a fan lenta e perigosa cun trazado sinuoso e por veces desesperante.

Nos últimos días de maio deste ano abriuse ó tráfico un novo tramo da A54 desde Lavacolla ata Arzúa que vén paliar esta problemática de xeito definitivo alomenos durante un bo número de anos entre as poboacións citadas.

O que chama a atención é que unha flamante vía coma esta non dispoña de accesos cunha mínima dotación en canto a ancho das vías, estado do firme e das beiras dos mesmos, facéndooos perigosos e por veces intransitables. Teñen ademais numerosas curvas cerradas que aumentan a perigosidade xeral.

De feito teñen dificultade para se cruzaren dous turismos e xa non digamos cando un dos vehículos é un camión.

Non se entende que poida abrirse ó tráfico un viario da magnitude e altura da A 54 con semellantes accesos que encerran unha perigosidade cen veces maior cá estrada vella.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aludimos ás saídas de Arca, Touro-Cerceda e O Pino.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a que reclame do goberno central que, á maior brevidade, proceda a adecuar como corresponde os viarios de acceso das poboacións cercanas á A54 no tramo recentemente aberto ó tráfico de Lavacolla ata Arzúa.”

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/07/2019 11:57:44

Xosé Luis Bará Torres na data 02/07/2019 11:57:50

María Montserrat Prado Cores na data 02/07/2019 11:57:56

Noa Presas Bergantiños na data 02/07/2019 11:58:15

Olalla Rodil Fernández na data 02/07/2019 11:58:23

Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2019 11:58:31



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vila de Chantada contaba cun só hórreo no seu núcleo urbano, na Alameda, ao pé do casco histórico, na confluencia das rúas Carlos Gilberto Otero e Xoán XXIII.

Este hórreo, ben pertencente ao Patrimonio etnolóxico, foi destruído por unhas obras de vivendas.

O grupo municipal Por Chantada CUP preguntou no Pleno ordinario da Corporación de Chantada, o día 12 de novembro de 2018, sobre a cuestión, respondéndoselle dende o Goberno local que non constaba ningunha comunicación previa ou solicitude de licenza municipal para as obras que conduciron finalmente á demolición do hórreo situado na Alameda.

A carón do hórreo destruído situouse un cartel que anunciaba a obra da construción de vivendas, sen indicar licenza municipal que, como se demostrou posteriormente, non tiña.

O hórreo xa estaba destruído o 16 de novembro de 2018, sendo a construción tradicional desmontada e o terreo achaiado a nivel de rúa, téndose eliminado tamén o peche pétreo que rodeaba a parcela. Así, foi consumada unha agresión contra un ben patrimonial sen licenza municipal e ante a indiferenza de Concello e Xunta.



Os hórreos, como o citado, se foran construídos antes de 1901, como probablemente é o caso, son elementos considerados como Ben de Interese Cultural, cun grao de protección que implica que non se poden realizar modificacións, traslados ou mesmo modificación da contorna.

A Lei 2/2016 de Patrimonio Cultural da Galiza no tocante ao “Bens que integran o Patrimonio etnolóxico”, establece que son obxecto de protección no seu artigo 93.3, entre outros, “os hórreos, os cruceiros, as cruces de mortos, as de termo e os petos das ánimas.”

No artigo da citada lei, establécese que os hórreos, que conforman o patrimonio etnolóxico, son “bens de interese cultural e quedan sometidos ao réxime xurídico previsto para ese tipo de bens nesta lei, sen necesidade da tramitación previa do procedemento previsto no seu título I, os hórreos, os cruceiros e os petos de ánimas dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901. Non se poderá autorizar a construción de peches perimétricos, totais ou parciais, a partir dos seus soportes, nin a construción de edificacións ou instalacións acaroadas a eles que afecten os seus valores culturais. 2. Os hórreos, cruceiros e petos de ánimas cuxa antigüidade non poida ser determinada ou que fosen construídos con posterioridade á data sinalada no número 1 poderán ser declarados de interese cultural ou catalogados cando se lles recoñeza un especial valor cultural, principalmente etnolóxico. 3. As actuacións de conservación ou restauración de hórreos declarados de interese cultural ou catalogados realizaranse preferentemente utilizando os materiais e técnicas construtivas tradicionais que correspondan a cada tipoloxía. Nestas intervencións o tratamento e a utilización de material non tradicional deberá ser autorizado pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural. 4. No caso de bens etnolóxicos desta natureza, e tendo en conta a súa tipoloxía e sistema construtivo, o movemento dentro do seu contorno de protección non se considerará un traslado para os efectos desta lei nin implicará unha necesaria modificación da



súa delimitación, sempre que se garantan no proceso e no lugar definitivo a significación e a interpretación dos seus valores culturais e que se conte coa autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.”

Aínda sendo o ben posterior a 1901, o hórreo tiña un interese cultural evidente, por ser a única construción tradicional desta tipoloxía presente no núcleo urbano de Chantada.

Así mesmo, o conxunto de hórreo e palleira que quedaban no entorno do casco histórico chantadés, poderían englobarse na definición de “lugar de valor etnolóxico: o ámbito no que permanecen testemuños relevantes e recoñecibles de actividades ou construcións vinculadas ás formas de vida e cultura tradicional do pobo galego que resulten de interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico”, que establece o artigo 10 da Lei de Patrimonio.

En todo caso, a actuación realizada é contraria a toda disciplina urbanística por non ter licenza municipal, documento que, en todo caso, non se podería conceder sen autorización de Patrimonio.

Por outra parte, o Concello non comunicou a Patrimonio a situación de perigo do ben cando tivo constancia nin realizou actuación algunha, tal como é a súa obriga.

Segundo establece o artigo 135 da Lei de Patrimonio, que regula a Reparación de danos:

“1. A resolución que impoña a sanción por infraccións tipificadas nesta lei das que deriven danos para o patrimonio cultural da Galiza comportará a obriga de restitución do ben ao seu debido estado, ou da emenda da alteración producida no seu contorno de protección, sempre que iso sexa posible. Esta obriga é imprescritible.

2. O incumprimento desta obriga de reparación de danos ou restitución das cousas ao seu debido estado facultará a consellaría competente en materia de patrimonio cultural para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa do obrigado



ou obrigada, utilizando, se é o caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do seu custo. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.”

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta esta Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Iniciar de oficio as actuacións precisas para determinar se concorren as circunstancias que xustifiquen a iniciación dun procedemento sancionador (artigo 136 da Lei de Patrimonio) e, de ser o caso, impulsar dito procedemento.
2. Impulsar as medidas provisionais establecidas polo artigo 137 da Lei de Patrimonio en aras de posibilitar a reparación de danos e a recuperación do ben patrimonial destruído na súa localización orixinal.
3. Trasladarlle ao Concello de Chantada que inicie un expediente de reposición da legalidade urbanística.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/07/2019 12:45:38

Luis Villares Naveira na data 02/07/2019 12:46:00



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En maio de 2018 todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia, a proposta de En Marea, aprobaron por unanimidade acometer de xeito urxente as obras de dragado do Porto Chico en Foz.

En Marea defendeu, ademais, no Parlamento que a Consellería do Mar presentara un proxecto, acompañado de cronograma e partidas orzamentarias, para acometer melloras integrais de calado e abrigo no Porto Chico de Foz.

Un ano despois, a Asociación A Ribeira de Foz denuncia que continúa sen novidades a respecto das melloras necesarias para o peirao de Tupide, en Foz.

A asociación citada presentara en maio de 2017 un plan de mellora para o Porto Chico diante da Consellería do Mar Rosa Quintana, naquela altura, sinalara que se comprometeu a “estudar a posibilidade de mellorar a funcionalidade do porto deportivo de Portochico”.



Destas melloras, unicamente se impulsou dende Portos de Galicia o drgado e o acceso ao novo pantalán, agardando que se renove con urxencia o firme do pantalán vello.

O Porto Chico, ademais da dragaxe, precisa un cambio na súa configuración, para mellorar as condicións de abrigo e de seguridade.

A realidade do Porto Chico, ou peirao de Tupide, en Foz, que serve de porto deportivo, orixina múltiples prexuizos, pois as embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro.

En 2016, a Xunta foi interpelada polas previsións para dragar o peirao de Tupide e a resposta foi que non tiñan intención de facelo porque ningún colectivo o solicitara. Finalmente, rectificouse, porque a propia Asociación A Ribeira de Foz si solicitara estas melloras tan necesarias. Asemade, esta asociación ten presentado ante a Consellería do Mar unha proposta de actuacións de mellora do Porto Chico, consistente en modificar o espigón, cambiando a bocana de ubicación, de xeito que, ademais, melloraría a seguridade da praia de Tupide, pois actualmente as embarcacións acceden ao porto por diante da praia, con situacións de perigo para bañistas. Coa solución proposta por A Ribeira de Foz, a dársena quedaría protexida de temporais e correntes e impediríase a entrada de area, co calado perduraría. Estas melloras permitirían, ademais, un aumento das prazas de atraque, dende as 70 actuais a máis de 110.

A situación na que se atopa este peirao orixina múltiples prexuizos, pois as embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro. En resumo, que a infraestrutura non



cumpre cos obxectivos para os que foi deseñada, malia as persoas usuarias pagar as taxas correspondentes mesmo cando non teñen o servizo.

O potencial de Foz a nivel náutico-deportivo e pesqueiro está lastrado pola falta de prazas de amarre e as continuas necesidades de dragado. No caso do Porto Chico hai dificultades para saír e entrar, hai posibles situacións de perigo cos e as bañistas de Tupide e hai demanda de máis prazas de atraque.

A Xunta afirmou nunha resposta parlamentaria que agardaba que “a ampliación de 40 prazas, destinadas a embarcacións de sétima lista” se daría “resposta ás necesidades existentes no municipio de Foz”.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a entrevistarse cos colectivos profesionais, recreativos e culturais afectados polo estado do Porto Chico de Foz e, de acordo cos mesmos, presentar ante o Parlamento un proxecto, acompañado de cronograma e partidas orzamentarias, para acometer unha mellora integral do Porto Chico de Foz, que contemple a mellora das condicións de abrigo do mesmo e unha mellora na seguridade, así como o aumento de prazas de atraque.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 02/07/2019 13:47:46

Paula Vázquez Verao na data 02/07/2019 13:47:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a creación de máis xulgados de violencia machista en Galiza e a súa comarcalización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente no noso país existen unicamente dous xulgados exclusivos de violencia sobre a muller ou violencia machista, un na Coruña e outro en Vigo.

A estes dous, hai que engadir os xulgados que existen noutros partidos xudiciais mais que compatibilizan estes asuntos con outros. Así acontece, por exemplo, en Lugo onde os casos relacionados con delitos de violencia machista recaen no Xulgado de Instrución número 3.

Para xustificar que apenas existan dous únicos xulgados exclusivos no noso país desde a Xunta de Galiza argumentase –alén de que a demarcación e planta xudicial sexa unha competencia exclusiva do Estado-- en non contarmos con máis cidades e/ou vilas con carga de traballo suficiente que xustifiquen a súa creación.

Fano amparándose na lexislación vixente, nomeadamente, a Lei 38/1988, de 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial:

Artigo 15 bis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A planta xudicial dos Xulgados de Violencia sobre a Muller será a establecida no anexo XIII desta Lei.

2. A concreción da planta inicial e á que sexa obxecto de desenvolvemento posterior, será realizada mediante Real Decreto de conformidade co establecido no artigo 20 da presente Lei e axustarase aos seguintes criterios:

a) Poderán crearse Xulgados de Violencia sobre a Muller naqueles partidos xudiciais nos que a carga de traballo así o aconselle.

b) Naqueles partidos xudiciais nos que, en atención ao volume de asuntos, non se considere necesario o desenvolvemento da planta xudicial, poderanse transformar algúns dos Xulgados de Instrución e de Primeira Instancia e Instrución en funcionamento en Xulgados de Violencia sobre a Muller.

c) Así mesmo, cando se considere, en función da carga de traballo, que non é precisa a creación dun órgano xudicial específico, determinarase, de existir varios, que Xulgados de Instrución ou de Primeira Instancia e Instrución, asumirán o coñecemento das materias de violencia sobre a muller nos termos do artigo 1 da Lei Orgánica das medidas de protección integral contra a violencia de xénero con carácter exclusivo xunto co resto das correspondentes á xurisdición penal ou civil, segundo a natureza do órgano en cuestión.

3. Serán servidos por Maxistrados dos Xulgados de Violencia sobre a Muller que teñan a súa sede na capital da provincia e os demais Xulgados que así se establecen n anexo XIII desta Lei.

Debemos ter en conta que, no noso país, apenas dúas cidades superan os 200 mil habitantes: A Coruña con 244.850 e Vigo con 293.642. As demais, nin sequera





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegan ás cen mil persoas agás Ourense con 105.505. Lugo, 98.025; Pontevedra, 82.802; Ferrol, 66.799 e Santiago 96.405.

Porén, esta non pode ser escusa para impedir que as mulleres en situación de violencia machista en Galiza poidan acceder a un xulgado exclusivo con persoal formado en perspectiva de xénero e recursos materiais e económicos suficientes.

Neste senso, cómpre lembrar que a Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial sinala no artigo 87 bis a posibilidade de que dentro dunha mesma provincia poidan crearse Xulgados de violencia machista compartidos por distintos partidos xudiciais.

Artigo 87 bis.

1. En cada partido [xudicial] haberá un ou máis Xulgados de Violencia sobre a Muller, con sede na capital daquel e xurisdición en todo o seu ámbito territorial. Tomarán a súa designación do municipio da súa sede.

2. Sen prexuízo do previsto na lexislación vixente sobre demarcación e planta xudicial, o Goberno, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e no seu caso, con informe da Comunidade Autónoma con competencias en materia de Xustiza, poderá establecer mediante real decreto que os Xulgados de Violencia sobre a Muller que se determinen estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia.

Para o Bloque Nacionalista Galego esta podería, e debera, ser unha vía para iniciar a necesaria comarcalización destes xulgados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar un informe, que deberá ser remitido á Cámara, sobre a creación de novos Xulgados exclusivos de violencia contra a muller no que estude a viabilidade de comarcalización deste servizo para atender, de maneira acaída, a realidade demográfica galega.

2. Desenvolver as accións oportunas diante do Consello Xeral do Poder Xudicial e o Goberno español para reclamar a creación de novos Xulgados exclusivos de violencia contra a muller de carácter comarcal defendendo, se for preciso, as mudanzas legais oportunas que o permitan.”

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/07/2019 16:54:07

Xosé Luis Bará Torres na data 02/07/2019 16:54:19

Noa Presas Bergantiños na data 02/07/2019 16:54:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/07/2019 16:54:37

Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2019 16:54:46

María Montserrat Prado Cores na data 02/07/2019 16:54:59



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para debate na Comisión 5.ª**, relativa á prevención da transmisión do VIH e de outras ITS.

A prevención da transmisión das infeccións de transmisión sexual forma parte das obrigas do Servizo Galego de Saúde en materia de saúde comunitaria e pública.

Nos últimos tempos diversos países, incluído España, están adoptando pautas en relación á prevención preexposición do VIH ao través do tratamento farmacolóxico co antirretroviral emtricitabina/tenofovir.

O Ministerio de Sanidade ten emitido unha serie de recomendacións en relación ao uso de este medicamento no marco do Plan Nacional contra o Sida, polo que resta saber como se adaptan nas diferentes Comunidades Autónomas.

Sen embargo, a profilaxe medicamentosa do VIH non protexe coma é obvio do resto de contaxio de ITS, polo que é razoable a precupación en torno ao abandono do uso de preservativos nas persoas ás que se lle poidan prescribir dito tratamento.

Paralelamente, os casos de ITS se multiplican de xeito alarmante en España. Un 26,3% con carácter xeral entre 2013 e 2017, froito en grande medida da relaxación no uso do preservativo nas relacións sexuais. Sendo especialmente a gonorreia a que máis ascende, sobre todo entre as persoas mozas de 20 a 24 anos.

Ante esta situación, **presentamos a seguinte proposición non de lei:**





O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Establecer criterios claros para a prescrición dos tratamentos preventivos en relación ao VIH con emtricitabina/tenofovir en función das recomendacións do Ministerio de Sanidade que queden reflectidos nunha guía clínica.
- 2.- Poñer en marcha un estudo sobre incremento da incidencia das ITS en Galicia e deseñar unha campaña activa sobre o uso de profilácticos dirixida á poboación xeral, pero tamén de xeito específico ás persoas mozas.
- 3.- Levar a cabo un estudo para a financiamento de profilácticos tales coma preservativos e cadrantes de látex.
- 4.- Implantar a oferta de probas rutineiras de despistaxe de outras ITS cando se oferten as do VIH-SIDA.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/07/2019 13:16:26

José Manuel Lago Peñas na data 03/07/2019 13:16:36



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa aos espectáculos taurinos menores no territorio galego.

Exposición de motivos

Cada ano o Concello de Valga solicita autorización para a realización dunha solta de cuxas e unha capea informal por parte de persoas sen ningún adestramento taurino previo, subsidiando con milleiros de euros unha práctica que humilla, vexa e provoca un sufrimento aos animais e que posteriormente son sacrificados para a venda de carne.

Outros eventos deste tipo tiveron lugar en Pontevedra nos últimos anos, onde peñas taurinas organizaban soltas semellantes na praza de touros da localidade, así como festexos de morte, como a tortura de becerriños para divertir a unha auténtica ultraminoría de espectadores, onde se amosa o escaso interese da sociedade galega polo maltrato animal como práctica de ocio.

Que pode xustificar a pervivencia das touradas e capeas máis que a ideoloxía? Os datos sociolóxicos do Ministerio de Cultura, que en cada período temporal elabora a chamada 'Enquisa sobre Hábitos e Prácticas Culturais' evidencian que no caso galego, no período 2014-2015 tan só o 0,3% da cidadanía refire ter asistido a eventos tauromáquicos, fronte ao 2,9% do período 2002-2003, mentres que nos últimos tres anos os movementos políticos e sociais teñen rematado cos subsidios taurinos en vilas como Sarria e Padrón ou na cidade da Coruña.





Significativo que unha vez eliminada a subvención tamén desaparece a feira taurina.

A Xunta de Galicia volveu excepcionar, como fixo hai 27 anos, a tauromaquia como espectáculo legal coa Lei 4/2017 á que se refire de xeito regular como a mellor norma de España sobre benestar dos animais, mentres permite que un touro poida ser torturado e masacrado nunha praza fixa, como a de Pontevedra, ou nos trebellos desmontables de Valga e Moraña, os últimos municipios que dan acubillo ao maltrato animal como macabra forma de divertimento. E iso que hai tan só sete anos eran unha decena as vilas que posibilitan este tipo de prácticas.

Un estudo da organización AVATMA, composta por máis de 400 profesionais veterinarios de todo o estado español, ao respecto das soltas de cuxas, certifica que espectáculos como o de Valga implican un enorme padecemento dos animais, implican un grande padecemento, *“tanto psíquico como físico, para las vacas y vaquillas que son obligadas a participar en ellos”*.

Sigue o documento explicando que *“durante los festejos protagonizados por vaquillas y vacas pueden observarse a menudo en los animales signos de incompreensión por lo que les está sucediendo, desorientación y manifestaciones de estrés, ansiedad, miedo y angustia, tales como: respiración acelerada, vocalizaciones, embestidas constantes, sacudidas violentas del rabo, acción de escarbar en el suelo con las extremidades anteriores, comportamientos de escape, huida o evasión y resistencia a moverse”*.

AVATMA tamén reflicte o sufrimento físico, sinalando que *“los signos visibles de agotamiento, lesión y dolor que presentan a lo largo del desarrollo del espectáculo son consecuencia de exigirles un ejercicio para el que no están preparados”*.

Ao longo do documento elaborado polos especialistas pódese comprobar como o sufrimento e o terror que experimentan é perfectamente evitable cunha política



lexislativa que protexa de maneira efectiva aos bóvidos, obxecto de toda clase de torturas en nome dunha suposta “Tradición”. Tampouco se pode esquecer o transporte destes animais de curta idade, que no caso de Valga viaxarán case cinco horas nun camiión supostamente adaptado, soportando as altas temperaturas lóxicas do verán, un contexto que xa supón un estrés cruento para os animais.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a prohibir os chamados espectáculos taurinos menores e a instalación de prazas ou elementos portátiles para a organización destes eventos en todo o territorio galego.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 03/07/2019 16:38:42



José Manuel Lago Peñas na data 03/07/2019 16:38:54



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, e a través do voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.ª**, sobre a aplicación de herbicidas nas marxes das estradas de titularidade autonómica para a eliminación de mato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Grupo Parlamentario Mixto foi alertado por parte de distintos colectivos do uso de compoñentes químicos por parte da Xunta de Galicia nas marxes das estradas da súa titularidade para a eliminación de mato.

Somos coñecedores do “vicio” que a Administración autonómica ten na aplicación destes venenos, concretamente do glifosato, potente herbicida xenérico que a Unión Europea está a punto de prohibir e que a OMS considera como canceríxeno.

Tamén, dende o Servizo Público de Defensa Contra Incendios Forestais, alertan de que o efecto que se consegue secando esta herba con veneno, acaba secando por completo polo que a velocidade de propagación é moito maior que si se roza, xa que deste xeito quedaría recen saída e verde.

Actualmente hai informes tallantes da Organización Mundial da Saúde (OMS) e de organismos de toxicoloxía en toda Europa que mostran os terribles efectos destes produtos no medio ambiente e o alto potencial canceríxeno en mamíferos e persoas. Recordan que todo o que toca este produto queda contaminado.



Estas malas prácticas, ademais de contribuír á contaminación química dos acuíferos e ao envelenamento do medio, son un factor engadido de risco de incendios pola cantidade de biomasa vexetal seca que se amorea. A práctica de evitar o crecemento da vexetación herbácea das cunetas mediante o uso masivo e indiscriminado de herbicidas, comporta máis efectos negativos que positivos.

Reclamamos o abandono destas prácticas e a substitución por traballos de rozado mecánico, con recuperación da materia orgánica para a fabricación de “compost”.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Frear a práctica que esta está a usar ao botar venenos nas marxes das súas estradas.
2. Substituír esta práctica por traballos de roza mecánico con recuperación de materia orgánica para a fabricación de “compost”.

Santiago de Compostela , 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 16:45:03

Luis Villares Naveira na data 03/07/2019 16:45:25



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a** sobre a amortización de prazas de axentes medioambientais e forestais no distrito XIII.

Exposición de motivos:

Desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, se realizou unha proposta de amortización de postos de traballo nas que se inclúen 4 prazas de axente que afectarán aos distritos: V- Fisterra, VI -Mariña Lugo, XIII- Valdeorras-Trives e XIX-Caldas-O Salnés. Pola contra estas prazas servirán para a creación de 4 prazas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

No caso do XIII, Valdeorras-Trives, ademais da súa complexidade pola extensión e a orografía, producíronse nos últimos días incendios devastadores en Laza, Lobeira, Chandrexa de Queixa, A Mezquita, Viana do Bolo, O Carballiño, A Gudiña, Viana do Bolo, Manzaneda, Cualedro e Padrenda, A Teixeira, Viana y Verín e Manzaneda, todos entre os distritos XII, XIII, XIV e XV.

Entre os traballos que realizan os axentes están a protección, vixilancia e control da superficie dentro da Rede Natura e dos espazos naturais protexidos, control, vixilancia e supervisión dos tecores de Caza, zonas libres de caza, zonas de exclusión, refuxios de fauna, tamén a vixilancia dos coutos de pesca, tramos libres de pesca sen morte, vedados, zonas de desove, encoros, realizan inventarios e censos de especies cinexéticas e piscícolas, encárganse da protección de especies protexidas (píllara, aguiá real...), inspeccionan os danos producidos pola fauna salvaxe (xabaril, lobo, córvidos, corzos), fan informes,



actas, e denuncias; así como as vixilancia constante diúrna e nocturna contra o furtivismo de caza e pesca, o control do uso público de montes e ríos, xestión e trampeo de especies invasoras, recollida e transporte de fauna ferida ou en certos casos morta (lobos), xestións de cortas ripícolas na zona de servidume de augas ,e xestións de aproveitamentos e obras (cortas, rozas..) en zonas protexidas entre outras.

Na zona de Valdeorras - Trives ou distrito XIII na comarca de Valdeorras é caótica xa que na actualidade só hai 3 prazas de axentes das cales unha está sen ocupar que é a que se vai amortizar. Das outras dúas un axente (zonal) ten que atender en solitario o parque da Enciña da Lastra e outro ten que facer servizo, tamén en solitario no período ordinario, coa mingua na seguridade deste persoal.

A ampliación das prazas é algo fundamental, e non se debería estar a falar de amortización de prazas, e menos de xeito unilateral sen terse reunido coas persoas afectadas primeiro.

É vital conservar as actuais prazas de Axentes Forestais e Medioambientais que existen en toda Galicia e nomeadamente neste distrito que pola súa amplitude e pola carga de traballo que se ten que realizar a diario.

É fundamental que se creen novas prazas para a realización do traballo por parellas, que implique unha mellora na seguridade, na eficacia e na calidade do desenvolvemento das tarefas tanto de carácter administrativo como as de carácter policial.

Denuncia tamén esta asociación APRAFOGA que mentres que na Consellería de Medio Rural se cobren con persoal interino todas as prazas tanto vacantes como non vacantes das que dispoñen na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, non se convocan procesos de oposición para cubrir as actuais prazas vacantes e tampouco se cobren as mesmas con persoal interino.



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

- 1.- Retirar a amortización da praza do Distrito XIII Valdeorras-Trives.
- 2.- Ampliar o cadro de persoal de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que atende o distrito XIII, mediante a cobertura con persoal interino.
- 3.- Convocar oposicións en Galicia, a axentes forestais e axentes facultativos medioambientais en número suficiente para que todos os distritos teñan efectivos suficientes para a realización por parellas en cada quenda.
- 4.- Incluír a necesidade de aumento de prazas e non amortización das mesmas na reunión solicitada con data do 26-02-2019 e pendente de convocatoria por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 17:07:54



Luis Villares Naveira na data 03/07/2019 17:08:16



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 4ª**, sobre a inclusión do Camiño de San Rosendo como Camiño de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Camiño xacobeo entra en Galicia pola Portela do Home, ao través da anterga Vía Nova, vía romana tamén coñecida como Geira. Métese no Xurés ao través do Concello de Lobios polo Val de Río Caldo, onde abrollan os mananciais termais de Os Baños. Logo sobe pola marxe esquerda do río Limia ata Parade Ventosa, xa no concello de Muíños, onde atravesa o río na presa das Conchas e chega á igrexa visigótica de Santa Comba de Bande; polos montes deste concello diríxese á Portela do Vieiro, entrando no Concello de Verea para encamiñarse á parada obrigatoria de San Salvador de Celanova. Xa por terreos do Arnoia, atravesa o concello de Cartelle, A Merca, San Cibrao das Viñas e Barbadás, enlazando en Ourense coa Vía da Prata.

Con data 15 de decembro do 2009, diferentes asociacións da comarca, solicitáronlle á Consellería de Cultura o recoñecemento oficial de camiño xacobeo para o "Camiño de San Rosendo" ou "Caminho da Rainha Santa"; vía de peregrinación a Compostela que vén de Braga e entra pola Portela d'Homem, aproveitando o antigo trazado da vía romana XVIII ata Santa Comba de Bande, onde se separaba da mesma e seguía polo Alto do Vieiro e Celanova ata Ourense, enlazando coa vía da prata.



Así mesmo, con data 25 de marzo do 2010, reunidos en Celanova os alcaldes dos concellos polos que pasa o camiño (Lobios, Entrimo, Muíños, Bande, Lobeira, Celanova, Cartelle, A Merca, Vereá, San Cibrao das Viñas e Barbadás), acordaron por unanimidade, que este camiño sexa recoñecido oficialmente camiño xacobeo, como un ramal do camiño Mozárabe e que se lle aplique a sinalización apropiada.

Novamente, con data de 4 de novembro do 2015, diferentes asociacións dos concellos implicados, volven a presentar a documentación histórica do camiño, reclamando a súa solicitude de ser recoñecido Camiño de Santiago ante a Xefatura de Servizo de Protección e Fomento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.Solicitar a incursión do camiño Xacobeo de San Rosendo, como camiño xacobeo de peregrinación a Santiago.
2. Dotar o camiño da sinalización propia do Camiño de Santiago.
3. Elaborar un plan director para conservar o Camiño, potencialo e dotalo da rede de albergues axeitada.
4. Establecer contactos coas cámaras de Terras de Bouro, Amares e Braga para que se leve a cabo a mesma actuación na parte portuguesa do camiño.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputada do G.P. Mixto.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 17:16:43

Paula Vázquez Verao na data 03/07/2019 17:16:57

Luis Villares Naveira na data 03/07/2019 17:17:11



A MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre a xestión dos residuos gandeiros na comarca de A Limia.

Exposición de motivos:

Na Comarca da Limia, de xeito que foi desaparecendo a agricultura e gandería tradicional, e mudando cara un modelo intensivo, as augas da bacía hidrográfica do Rio Limia vanse tornando cada vez máis contaminadas.

Hoxe, esta comarca soporta unha carga gandeira de máis de 75.000UGM, equivalente a unha poboación de 1.6000.000 habitantes, que producen unha cantidade maior a un millón de toneladas de residuos que acaban depositándose ao aire libre e sen ningún tipo de depuración, tratamento, precaución e protección.

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas a produción de porcino e avícola . Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, NON AMPARA EN ABSOLUTO as prácticas que de forma rutineira e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medioambiente e a saúde humana :



- Proceso de eutrofía acusada no Encoro das Conchas,
- Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.
- Afección irreversible o encoro de Faramontaus (presa de Gudín) non sendo apta na actualidade para abastecemento...
- Empobrecemento da biodiversidade.
- Degradación paisaxística da comarca
- Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).

Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008 do 3 de novembro establece que quedan fora do seu ámbito de aplicación: Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.

Esta exclusión non ampara as aplicación incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato (toxo e xestas) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fora de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre (sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.



Por todo isto, o Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Entregar aos grupos parlamentarios e deputados integrantes desta comisión 7.^a a seguinte documentación:

- a. Documentación sobre as medidas que se están a tomar para evitar que baixo un suposto amparo legal se leven adiante as prácticas descritas anteriormente e que a todas luces danan irreparabilmente o medioambiente e a saúde das persoas.
- b. Documentación sobre as medidas que se están a tomar en relación ó depósito de esterqueiras ó aire libre e en contacto directo sobre o chan sen ningún tipo de soleira impermeabilizada.
- c. Documentación sobre os controis que se fan respecto a xestión de envases de produtos fitosanitarios, xa que se seguen a ver numerosos episodios de envases directamente abandonados sobre o campo ou balsas de rega como se pode observar nunha das fotografías.
- d. Documentación sobre que medidas de control se están a someter as empresas, especialmente a denominada ASER, no tocante o transporte e distribución de xurros.
- e. Censo actualizado a día de hoxe da carga gandeira que está a soportar a Comarca da Limia.



2. Abrir unha investigación contactando coas autoridades competentes para depurar responsabilidades sobre o estado no que se atopa o chan e as augas da Comarca da Limia afectadas por este elevado nivel de contaminación.
3. Facer unha moratoria na comarca da Limia a instalación de novas granxas.
4. Ordenar as explotacións existentes e adoptar unha xestión ambientalmente sustentable dos residuos agrogandeiros xerados, que cumpra co Dereito da Unión Europea.
5. Revisar as superficies asociadas as explotacións de porcino.
6. Esixir as explotacións unhas balsas para a xestión de xurros adecuadas ó tamaño da explotación.
7. Facer un control exhaustivo sobre as empresas dedicadas ó transporte de xurros.
8. Por en funcionamento o centro de tratamento de xurros sito na Limia para tratar os excedentes producidos pola excesiva carga de porcino autorizada pola Consellería de Medio Rural.
9. Publicar un Decreto de Xestión de Residuos Agrogandeiros de obrigado cumprimento.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 18:09:41

Luis Villares Naveira na data 03/07/2019 18:10:02



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o Foro Económico Mundial informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes. Segundo a ONG “Greenpeace”, os plásticos representan o 80 % do total dos residuos mariños. A cantidade de residuos plásticos no mar non para de medrar e iso afecta aos ecosistemas, á biodiversidade e tamén á saúde humana.

A UE é o segundo maior produtor de plásticos do mundo, con preto de 50 millóns de toneladas anuais. Na UE, a media de consumo de bolsas de plástico é de 176 por persoa e ano (España ronda as 150), é un produto de vida útil tan efémera que tan só se usa 15 minutos de media e tarda décadas e se descompoñer. En España estarán prohibidas as de plástico convencional moi lixeiras e lixeiras a partires de 2021; as grosas e as oxodegradables, a partires de 2020.

Existen realmente as bolsas de plástico biodegradables ou compostables, de acordo coa definición da normativa europea EN 13432:2000 relativa a envases e embalaxes? A Universidade de Plymouth (Reino Unido) ten publicado recentemente un documento -onde se examinaba a degradación de 5 materiais de bolsas de plástico, expostos ao ar, o chan e o mar-, que chegou ao resultado seguinte: As bolsas biodegradables, oxodegradables e convencionais seguían a ser válidas para ir con elas ao supermercado 3 anos despois de ser expostas ao medio ambiente. Só as compostables desapareceron do mar despois de 3 meses, aínda que seguían presentes na terra despois de 27 meses. A ONG “Greenpeace” acaba de chegar resultados semellantes, incidindo ademais en que as compostables, polo xeral, se degradan a altísimas temperaturas (máis de 70º) e certas condicións de aireación que, nos océanos especialmente non existen, polo que quedan aí anos e anos. E aínda así, como moitísimas chegan aos mares, ata



que se degradasen estarían a disposicións de que a fauna mariña as inxerise igualmente.

Polo tanto, todas estas solucións non evitan o cerne do problema, que é a cultura de usar e tirar; polo tanto, só as bolsas reutilizables (de tela ou de outros materiais) permiten utilizalas durante moitos anos e reducir a xeración de residuos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha, de forma inmediata, campañas de concienciación masivas para as persoas consumidoras e usuarias que aumenten a demanda de substitutos sustentables e fomenten o uso de bolsas reutilizables.

Pazo do Parlamento, 04 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/07/2019 10:56:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/07/2019 10:56:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María Luisa Pierres López na data 04/07/2019 10:56:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2019 10:57:03



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Un dos obxectivos perseguidos en todos os concellos da Costa da Morte é prolongar o período de visitas turísticas á zona, limitado aos meses do verán e Semana Santa a través do Camiño dos Faros fundamentalmente. Esta tan necesaria desestacionalización do turismo comezou a dar os seus primeiros pasos, así agora é frecuente atopar visitantes ao longo do ano en calquera das vilas que compoñen o conxunto do traxecto.

De acordo coa páxina web “O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo de 200 quilómetros que une Malpica con Fisterra polo bordo do mar. Un camiño que ten o mar como maior protagonista e que pasa por todos os faros e principais puntos de interese desta Costa da Morte.”

Un Camiño dos Faros que percorre moitas paisaxes diversas, sempre mirando cara ao mar e cara ao oeste. Faros, praias, dunas, ríos, cantís, bosques, estuarios cunha gran cantidade de aves, mares de granito, castros, dolmens, vilas mariñeiras, miradoiros ao mar que rompe de todas as formas posibles, postas de sol ... e moita maxia. Unha ruta de sendeirismo como poucas, que levará ao camiñante a un mundo de sensacións únicas que só se poden gozar nesta Costa da Morte.”

Estes 200 quilómetros están divididos en 8 etapas, de dificultade media, que vai intensificando o grao de dificultade a medida que as etapas avanzan:

- Etapas 1: Malpica-Niñóns (21,9 Km)
- Etapas 2: Niñóns-Ponteceso (26,1 Km)
- Etapas 3: Ponteceso-Laxe (25,2 Km)
- Etapas 4: Laxe-Arou (17,7 Km)
- Etapas 5: Arou-Camariñas (22,7 Km)
- Etapas 6: Camariñas-Muxía (32 km)
- Etapas 7: Muxía-Nemiña (24,3 Km)
- Etapas 8: Nemiña-Cabo Finisterre (26,2 Km)



Non obstante, estas accións desenvolvidas polo grupo de voluntarios e voluntarias de Camiño dos Faros, que se fan chamar a si mesmos “Trasnos”, precisa de apoios institucionais e económicos. Desde a limpeza do trazado, o cal, non é doado dado que transcorre por zonas abruptas, ata a homologación da ruta. Os concellos afectados contribúen, na medida das súas posibilidades, a manter as distintas etapas transitables, pero estes esforzos non son suficientes.

Nunha xuntanza levada a cabo entre a Asociación de Camiño dos Faros e o CMAT (Asociación de Turismo Costa da Morte), na que están representados os distintos alcaldes e alcaldesas da bisbarra, púxose de manifesto a necesidade da homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido. Non obstante, a día de hoxe, e tras máis de 5 anos de tramitación, a homologación segue sen levarse a cabo por parte do Goberno galego. O cal é difícil de comprender, dada o importante labor que se está a facer, en canto á desestacionalización do turismo na zona.

Son varios os medios a nivel mundial que recoñecen o carácter transversal do Camiño do Faros, como destino conxugando patrimonio natural e cultural: *The Guardian*, *The Telegraph*, *Google Street View*, *Los Angeles Times*, *National Geographic*...

Entendemos que é o momento para que o Goberno galego dunha vez leve a cabo as actuacións precisas para que a homologación do Camiño dos Faros sexa unha realidade dentro do ano 2019.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as medidas oportunas que permitan a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido antes de que remate o ano 2019.

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/07/2019 13:28:40

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/07/2019 13:29:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2019 13:29:18



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 4.^a, sobre a perda de emprego de 34 investigadoras en Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa I2C da Xunta é un dos programas de referencia para a captación e retención de talento científico en Galicia. Cun orzamento de 8,5 millóns de euros, ofrece a posibilidade de que as universidades galegas contraten persoal investigador de alto nivel, na súa etapa posdoutoral, despois de que pasaran durante dous anos por centros de investigación de prestixio noutros países.

Despois de tres anos (Modalidade A), os investigadores e investigadoras teñen a posibilidade de renovar a súa vinculación coas universidades galegas durante outros dous anos (Modalidade B), un proceso para o que a Xunta debe publicar unha convocatoria competitiva. Porén, a falta de previsión e un enorme atraso nesa publicación por parte da Consellería de Educación, vén de deixar no paro e nunha situación de grande incerteza a 34 investigadores e investigadoras.

34 investigadores e investigadoras de primeiro nivel contratados polas universidades galegas que veñen de quedar no paro.

A Consellería de Educación publicou hai dúas semanas a convocatoria que debe permitir a renovación por dous anos da vinculación aos seus actuais centros de investigación. Porén, este proceso, que debería ter comezado hai meses, non se





resolverá no mellor dos casos ata o 1 de decembro. É dicir, no mellor dos casos votarán cinco meses no paro.

Mentres, a súa participación e numerosos proxectos de investigación está paralizada, e tampouco poderán dar clases durante o primeiro semestre do vindeiro curso. Un novo obstáculo para a súa futura estabilización xa que é un requisito indispensable ter horas de docencia acumulada para conseguir unha praza na Universidade

Ante esta situación varios destes e destas investigadoras están procurando unha saída noutras comunidades ou noutros países e alertan da "fuga de cerebros e de talento" que se pode producir por mor do atraso da Xunta.

Os investigadores e investigadoras afectadas esixen "unha solución para a súa situación ata que se publique a resolución da adxudicación das novas axudas correspondentes á Modalidade B". E sinalan que esta medida "non supón un gasto adicional para a Xunta, xa que queda diñeiro orzado na convocatoria do 2016 sen gastar debido a desvinculación de 15 investigadores do programa", unha cantidade "máis que suficiente para cubrir estes contratos até a resolución da Modalidade B", din

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facilitar contratos temporais-ponte que permitan manter as investigacións en curso no tempo que falta ata a resolución.
2. Establecer prazos fixos para as convocatorias de investigación de xeito que se garanta unha maior estabilidade para a carreira investigadora.





Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/07/2019 13:42:57

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/07/2019 13:43:14

José Manuel Lago Peñas na data 04/07/2019 13:43:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a creación de máis xulgados de violencia machista en Galiza e a súa comarcalización.

Actualmente no noso país existen unicamente dous xulgados exclusivos de violencia sobre a muller ou violencia machista, un na Coruña e outro en Vigo.

A estes dous, hai que engadir os xulgados que existen noutros partidos xudiciais mais que compatibilizan estes asuntos con outros. Así acontece, por exemplo, en Lugo onde os casos relacionados con delitos de violencia machista recaen no Xulgado de Instrución número 3.

Para xustificar que apenas existan dous únicos xulgados exclusivos no noso país desde a Xunta de Galiza argumentase –alén de que a demarcación e planta xudicial sexa unha competencia exclusiva do Estado-- en non contarmos con máis cidades e/ou vilas con carga de traballo suficiente que xustifiquen a súa creación.

Fano amparándose na lexislación vixente, nomeadamente, a Lei 38/1988, de 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial:

Artigo 15 bis

1. A planta xudicial dos Xulgados de Violencia sobre a Muller será a establecida no anexo XIII desta Lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A concreción da planta inicial e á que sexa obxecto de desenvolvemento posterior, será realizada mediante Real Decreto de conformidade co establecido no artigo 20 da presente Lei e axustarase aos seguintes criterios:

a) Poderán crearse Xulgados de Violencia sobre a Muller naqueles partidos xudiciais nos que a carga de traballo así o aconselle.

b) Naqueles partidos xudiciais nos que, en atención ao volume de asuntos, non se considere necesario o desenvolvemento da planta xudicial, poderanse transformar algúns dos Xulgados de Instrución e de Primeira Instancia e Instrución en funcionamento en Xulgados de Violencia sobre a Muller.

c) Así mesmo, cando se considere, en función da carga de traballo, que non é precisa a creación dun órgano xudicial específico, determinarase, de existir varios, que Xulgados de Instrución ou de Primeira Instancia e Instrución, asumirán o coñecemento das materias de violencia sobre a muller nos termos do artigo 1 da Lei Orgánica das medidas de protección integral contra a violencia de xénero con carácter exclusivo xunto co resto das correspondentes á xurisdición penal ou civil, segundo a natureza do órgano en cuestión.

3. Serán servidos por Maxistrados dos Xulgados de Violencia sobre a Muller que teñan a súa sede na capital da provincia e os demais Xulgados que así se establecen n anexo XIII desta Lei.

Debemos ter en conta que, no noso país, apenas dúas cidades superan os 200 mil habitantes: A Coruña con 244.850 e Vigo con 293.642. As demais, nin sequera chegan ás cen mil persoas agás Ourense con 105.505. Lugo, 98.025; Pontevedra, 82.802; Ferrol, 66.799 e Santiago 96.405.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, esta non pode ser escusa para impedir que as mulleres en situación de violencia machista en Galiza poidan acceder a un xulgado exclusivo con persoal formado en perspectiva de xénero e recursos materiais e económicos suficientes.

Neste senso, cómpre lembrar que a Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial sinala no artigo 87 bis a posibilidade de que dentro dunha mesma provincia poidan crearse Xulgados de violencia machista compartidos por distintos partidos xudiciais.

Artigo 87 bis.

1. En cada partido [xudicial] haberá un ou máis Xulgados de Violencia sobre a Muller, con sede na capital daquel e xurisdición en todo o seu ámbito territorial. Tomarán a súa designación do municipio da súa sede.

2. Sen prexuízo do previsto na lexislación vixente sobre demarcación e planta xudicial, o Goberno, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e no seu caso, con informe da Comunidade Autónoma con competencias en materia de Xustiza, poderá establecer mediante real decreto que os Xulgados de Violencia sobre a Muller que se determinen estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia.

Para o Bloque Nacionalista Galego esta podería, e debera, ser unha vía para iniciar a necesaria comarcalización destes xulgados.

Por todo o exposto con anterioridade formúlase a seguinte interpelación:

- Apoia a Xunta de Galiza a comarcalización dos Xulgados de Violencia contra a muller?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten desenvolvido o Goberno galego algunha acción ou medida diante das institucións xudiciais e/ou do Goberno español neste sentido?

- Que medidas prevé adoptar?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/07/2019 17:08:54

Xosé Luis Bará Torres na data 02/07/2019 17:09:03

Noa Presas Bergantiños na data 02/07/2019 17:09:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/07/2019 17:09:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 02/07/2019 17:09:23

Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2019 17:09:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Eva Solla Fernández, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte INTERPELACIÓN.

O avellentamento da sociedade leva consigo o incremento da carga do traballo de coidados, por razóns evidentes. Coidados, que son imprescindibles para a vida, pero que levan décadas sendo invisibles e desprezados.

A maior parte deste traballo reprodutivo é levado adiante por mulleres, xa sexa de maneira remunerada, a maior parte das veces de maneira precaria, ou ben sexa de maneira gratuíta nos fogares.

A desvalorización histórica deste traballo é un dos elementos que incide de maneira máis clara á hora de perpetuar unhas condicións inxustas no seu exercicio. O persoal das residencias de maiores leva tempo denunciando as condicións precarias nas que traballan. Os salarios son baixos e os descansos insuficientes.

A elevada carga de traballo pola falta de persoal, ten repercusións negativas para as propias traballadoras, pero tamén para as persoas usuarias, que en moitas ocasións ven alterados os seus horarios, por exemplo, nos aseos e nas comidas.

Ademais, en ocasións, estanse incorporando persoas con problemas de saúde mental sen a dotación de unidades específicas e sen aumentar o persoal, algo que incrementa os problemas.





A falla de recursos para atender os coidados é evidente. Polo de agora estamos moi lonxe de cumprir coas recomendacións da OMS en canto ao número de residencias de maiores recomendadas en función do número de habitantes maiores de 65 anos.

A Xunta de Galicia anunciou, a través do propio Presidente, no ano 2017, a construción de sete novas residencias nas cidades antes do ano 2020, que ofertarían 900 novas prazas, e que suporían máis de 47 millóns de inversión, pero polo momento estas declaracións só quedaron en anuncios.

De feito, cada vez é máis frecuente que a administración externalice estes servizos a empresas privadas que ganan enormes beneficios. A situación do traballo e a atención nestas é peor, porque o número de persoal é menor en relación ao número de residentes, que nas xestionadas directamente dende o ámbito público.

A aposta pola privatización é clara. En vez de incrementar as prazas públicas, o goberno impulsou o bono autonomía que favorece, de novo, a derivación á privada.

Recentemente, a Xunta de Galicia vén de anunciar que desenvolverá unha campaña de inspección para "garantir a calidade da atención" das residencias de maiores. Cremos que é moi preocupante que recoñezan de maneira indirecta que ata o de agora non fixeron esa labor de control e vixilancia.

O persoal de diversas residencias estase mobilizando, novamente, para denunciar estas condicións abusivas, con xornadas excesivas. Fai falta unha estratexia, a medio e longo prazo, para que os coidados se garantan para todas as persoas que o precisan dende o ámbito público.



Por todo o anteriormente exposto, preséntase a seguinte INTERPELACIÓN:

- 1.) Ata cando vai manter o Goberno galego unhas ratios que conlevan unha excesiva carga de traballo para as traballadoras?
- 2.) Está mediando nalgún dos conflitos abertos nas empresas que xestionan as residencias de maiores para mellorar as condicións laborais das traballadoras?
- 3.) De que maneira desenvolveu ata o de agora inspeccións nas residencias de maiores para garantir a calidade na atención e o respecto aos dereitos das traballadoras?
- 4.) Ten pensada algunha medida para incrementar o persoal ou dotar de unidades específicas ás residencias onde se incorporan residentes con problemas de saúde mental?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2019 10:16:11



Eva Solla Fernández na data 03/07/2019 10:16:34





Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Luca Chao Pérez e Manuel Lago Peñas, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento presentan a seguinte **Interpelación**, relativa aos contratos de pemex co sector naval galego.

A política industrial practicada polo Goberno da Xunta presidido por Núñez Feijóo e polo Conselleiro de Industria ao longo destes anos, caracterizouse en xeral polas súas altas doses de propaganda, pola deixadez e abandono dun sector estratéxico (for naval ou siderúrxico ou outros) e por sumir con total naturalidade e pasividade a perda de competitividade e o retroceso do ámbito da industria galega. Un exemplo de todo isto é o sector naval.

No que atinxe ao naval público, Navantia, o partido no Goberno da Xunta, nos anos de coincidencia de Goberno no Estado da mesma formación política (Rajoy), nunca tirou de iniciativa para impulsar a construción nuns estaleiros punteiros a nivel mundial. En canto ao naval privado, permitiu operacións opacas como a compra de Barreras por Pemex sen ningún tipo de precaucións.

A relación do Presidente da Xunta e do Conselleiro de Industria coa empresa petroleira mexicana Pemex na primeira lexislatura de Feijóo, supuxo o inicio dun “idilio” que tivo máis de ecos de sociedade que de carga de traballo real. Eran usuais as fotos e as viaxes a México de ambos dirixentes de Xunta e as postas en escena en Galiza co anuncio de multitude de contratos que nunca se cumpriron. O Goberno de Feijóo foi partícipe directo e en primeira persoa de todo ese despliegue que, andando os anos e ante a evidencia de que non se construíron os contratos prometidos, despacha sen rubor baixo a premisa de que se trata dunha empresa privada.





Na actualidade, coñecemos que a cúpula dirixente da empresa petroleira mexicana, Pemex, está a ser investigada por distintos episodios de corrupción. Dáse a coincidencia de que se trata dos mesmos directivos (Emilio Lozoya, Carlos Roa e José Manuel Carrera Panizzo) que durante anos mantiveron interlocución, negociacións, partillaron fotos e auténticas campañas de marketing e publicidade coa Xunta de Feijóo, especialmente en datas próximas a convocatorias electorais(ano 2012) para propagar un sen fin de contratos con estaleiros galegos.

Como apuntamos ao inicio, a meirande parte dos contratos de buques publicitados non se levaron a cabo. Fraude tras fraude, engano tras engano. Publicitáronse contratos para a construción de 14 remolcadores, 2 quimiqueiros, 3 buques tanque, un atuneiro, ou a base loxística de Punta Langosteira, pero o saldo final é que se construíron dous floteis.

O barco “Cerro de la Pez” (maio de 2018) foi o único flotel construída nos estaleiros de Ferrol de Navantia para Pemex. No estaleiro de Vigo de Barreras, mercado por Pemex nunha operación con máis sombras que luces (mercou a meirande parte das súas accións en 2013), executouse o flotel “Reforma Pemex”. Estes son os únicos contratos efectuados pola petroleira mexicana en Galiza. O demais forma parte da tradicional engrenaxe de propaganda electoral típica do partido no Goberno.

O mesmo Presidente da Xunta veu en recoñecer de xeito implícito a natureza eminentemente electoral das promesas de contratos ao relegar calquera responsabilidade no incumprimento a que se trataba dos contratos dunha empresa privada

Actualmente pesa a sombra da dúbida sobre posíbeis irregularidades nos contratos da petroleira en Galiza. O mesmo presidente de México, López Obrador, sinalou que se van revisar os contratos de Pemex co sector naval





galego. Anuncio que debería ser obxecto de máxima preocupación e interese por parte da Xunta. Queremos pensar que estará a recadar todos os datos e a información precisa para dar as correspondentes explicación posto que non é un convidado de pedra, formou parte das conversas para os contratos de Pemex con estaleiros galegos.

Convén lembrar que entre os directivos da petroleira estatal de México que están a ser investigados está o que fora director xeral no período 2012-2016, Emilio Lozoya, un dos protagonistas das fotos con Feijóo e o conselleiro de Industria. Lozoya está formalmente inhabilitado durante 10 anos para ocupar calquera cargo público e as autoridades mexicanas considéranlo como "prófugo da xustiza". Sobre el recaen acusacións de presuntos delitos como suborno e branqueamento de capitais; atribúenlle a recepción de cartos no caso Odebrecht, considerada a maior trama de corrupción descuberta na historia recente de América Latina, e fano responsable de impulsar que Pemex mercase outras empresas do sector dos fertilizantes con enormes sobrecustos.

Figura asemade Carlos Roa, tamén da cúpula de Pemex e vicepresidente de Barreras até o ano 2016. Está José Manuel Carrera Panizzo, antigo director da filial internacional de Pemex, PMI e un dos actores principais na publicidade de construción de 14 remolcadores en Galiza.

Os interrogantes abertos son motivo máis que xustificado para que o responsábel de Industria da Xunta aporte en sede parlamentar as explicacións precisas sobre a posíbel extensión a Galiza da corrupción amañada pola cúpula dirixente da empresa estatal mexicana que está a ser obxecto de investigación en México. O protagonismo adquirido pola Xunta nas negociacións con Pemex e no tema dos contratos, outórgalle un papel de responsabilidade que non pode nin debe eludir.

Polo exposto, presentase a seguinte **INTERPELACIÓN AO CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA:**





- Cal é a política de contratos da empresa petroleira estatal mexicana co sector naval público e privado galego?
- Cal é o grao de cumprimento destes contratos?
- De que xeito cree que pode repercutir a corrupción de Pemex en Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Luca Chao Pérez

Manuel Lago Peñas

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 03/07/2019 10:58:22

Luca Chao Pérez na data 03/07/2019 10:58:34



José Manuel Lago Peñas na data 03/07/2019 10:58:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa á prevención da transmisión do VIH e de outras ITS.

A prevención da transmisión das infeccións de transmisión sexual forma parte das obrigas do Servizo Galego de Saúde en materia de saúde comunitaria e pública.

Nos últimos tempos diversos países, incluído España, están adoptando pautas en relación á prevención preexposición do VIH ao través do tratamento farmacolóxico co antirretroviral emtricitabina/tenofovir.

O Ministerio de Sanidade ten emitido unha serie de recomendacións en relación ao uso de este medicamento no marco do Plan Nacional contra o Sida, polo que resta saber como se adaptan nas diferentes Comunidades Autónomas.

Sen embargo, a profilaxe medicamentosa do VIH non protexe coma é obvio do resto de contaxio de ITS, polo que é razoable a precocupación en torno ao abandono do uso de preservativos nas persoas ás que se lle poidan prescribir dito tratamento.

Paralelamente, os casos de ITS se multiplican de xeito alarmante en España. Un 26,3% con carácter xeral entre 2013 e 2017, froito en grande medida da relaxación no uso do preservativo nas relacións sexuais. Sendo especialmente a gonorrea a que máis ascende, sobre todo entre as persoas mozas de 20 a 24 anos.

Polo exposto presentase a seguinte Interpelación:





- 1.- Estanse a prescribir xa en Galicia tratamentos preventivos en relación ao VIH con emtricitabina/tenofovir? nese caso, cales están a ser os criterios?
- 2.- Vaise a elaborar algunha guía clínica da Consellería de Sanidade?
- 3.- Vai a Xunta tomar medidas de carácter extraordinario en relación ao incremento da transmisión das ITS.
- 4.- Baralla a Xunta de Galicia poñer en marcha un estudo para o posible financiamento de medios profilácticos contra as ITS?
- 5.- Baralla a Xunta de Galicia a necesidade de ofertar probas rutineiras de despistaxe de outras ITS que non sexan o VIH-SIDA?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/07/2019 13:30:19



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o Foro Económico Mundial informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes. Segundo a ONG “Greenpeace”, os plásticos representan o 80 % do total dos residuos mariños. A cantidade de residuos plásticos no mar non para de medrar e iso afecta aos ecosistemas, á biodiversidade e tamén á saúde humana.

A UE é o segundo maior produtor de plásticos do mundo, con preto de 50 millóns de toneladas anuais. Na UE, a media de consumo de bolsas de plástico é de 176 por persoa e ano (España ronda as 150), é un produto de vida útil tan efémera que tan só se usa 15 minutos de media e tarda décadas e se descompoñer. En España estarán prohibidas as de plástico convencional moi lixeiras e lixeiras a partires de 2021; as grosas e as oxodegradables, a partires de 2020.

Existen realmente as bolsas de plástico biodegradables ou compostables, de acordo coa definición da normativa europea EN 13432:2000 relativa a envases e embalaxes? A Universidade de Plymouth (Reino Unido) ten publicado recentemente un documento -onde se examinaba a degradación de 5 materiais de bolsas de plástico, expostos ao ar, o chan e o mar-, que chegou ao resultado seguinte: As bolsas biodegradables, oxodegradables e convencionais seguían a ser válidas para ir con elas ao supermercado 3 anos despois de ser expostas ao medio ambiente. Só as compostables desapareceron do mar despois de 3 meses, aínda que seguían presentes na terra despois de 27 meses. A ONG “Greenpeace” acaba de chegar resultados semellantes, incidindo ademais en que as compostables, polo xeral, se degradan a altísimas temperaturas (máis de 70º) e certas condicións de aireación que, nos océanos especialmente non existen, polo que quedan aí anos e anos. E aínda así, como moitísimas chegan aos mares, ata que se degradasen estarían a disposicións de que a fauna mariña as inxerise igualmente.

Polo tanto, todas estas solucións non evitan o cerne do problema, que é a cultura de usar e tirar; polo tanto, só as bolsas reutilizables (de tela ou de outros



materiais) permiten utilizalas durante moitos anos e reducir a xeración de residuos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Flora Miranda Pena e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita., relativa á atención á saúde mental perinatal das mulleres.

A xestación, parto e lactación son períodos nos que, tanto as condicións físicas como sociais poden incrementar a vulnerabilidade das mulleres ante trastornos afectivos, psicolóxicos e psiquiátricos.

A prevalenza dos trastornos mentais perinatais sitúase en torno ao 25%, sendo a ansiedade e a depresión os máis frecuentes. Outros son as alteracións do vínculo entre a muller e a/o neonato, o estrés e a psicose puerperal. Cómpre non desbotar o risco de suicidio como a primeira causa de mortalidade materna no primeiro ano postparto.

O puerperio e o postparto (ata os 12 meses) é un momento de risco para a aparición de novas enfermidades mentais ou de descompensación de patoloxías previas, e o embarazo non é precisamente un factor protector da saúde psíquica das mulleres. Malia isto, é unha materia pendente na atención ás mulleres do noso país.

Faise preciso un maior interese pola saúde mental na etapa perinatal. E a aplicación da perspectiva de xénero é fundamental neste ámbito. (Precisamente a desigualdade de xénero inflúe na infradetección de problemas, na relegación das necesidades das mulleres e na infradotación de recursos para a súa abordaxe).

Cómpre cuestionar crenzas como que a maternidade beneficia de modo sistemático a saúde mental das mulleres. É preciso revisar a relegación do





tratamento dos trastornos mentais durante a xestación. Tampouco se ten investigado e coidado de modo suficiente a atención psiquiátrica e psicolóxica ás diferentes formas de malestar psíquico e sufrimento mental durante esta etapa.

Os protocolos internacionais recomendan avaliar a saúde mental materna de modo sistemático durante a xestación e polo menos unha vez no postparto, mais aínda podemos considerar pendente no noso contexto esta cuestión. Moitos problemas seguen sen detectarse e/ou sen a abordaxe necesaria.

Serían precisas por unha banda unha maior formación e sensibilización das e dos profesionais implicados na súa atención e recursos e intervencións específicas que teñan en conta as necesidades das mulleres neste contexto (nalgúns países existe unha rede de atención á saúde mental perinatal axeitada para o tratamento de situación complexas, como as unidades nai-bebé.).

A realidade da atención no Servizo Galego de Saúde dista moito das recomendacións internacionais. Non só no que respecta á saúde mental global (que xa é deficitaria per se) senón tamén á atención á saúde mental das mulleres en proceso de xestación, parto, lactación e postparto. E non podemos esquecer a grave carencia de recursos psicoterapéuticos que redundan nun incremento da medicalización dos problemas mentais.

Por este motivo, as deputadas Flora Miranda Pena e Paula Vázquez Verao formulan a seguinte pregunta:

-Que ten feito a Consellería de Sanidade para a detección, o coidado e o tratamento con recursos suficientes dos problemas na esfera da saúde mental materna no período perinatal?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2019.





Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 28/06/2019 13:15:03

Paula Vázquez Verao na data 28/06/2019 13:15:12



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No concello da Pobra o Proxecto básico para a concesión de descarga de túnidos, mediante o posicionamento de contedores Reefer, no porto da Pobra do Caramiñal (A Coruña), presentado pola empresa Alimentos Cruz del Sur, S.A (ALICRUSA) o 5 de xuño de 2018, está a causar unha gran preocupación.

Con data 20 de maio de 2019 publicouse no DOG n.º 94 resolución do 30 de abril de 2019 con número de referencia 12-50-18-C-1 pola que se outorga concesión administrativa presentada pola empresa Alimentos Cruz del Sur, S.A. para a ocupación de terreos portuarios.

A superficie da concesión prevista son 1.650 m², unha ocupación dun espazo de 110 m x 15 m, na explanada situada a carón da zona de atraque. A superficie total da explanada portuaria é de 16.000 m², dispostos en 305m x 52 m. O peirao comercial na súa disposición actual conta coa lonxitude suficiente para o atraque simultáneo de tres barcos mercantes frigoríficos. A actividade principal é a descarga de túnidos conxelados, que se efectúa aproximadamente durante 300 días ao ano.

Son varias as causas que motivan o malestar xerado, máis aínda cando o proxecto presentado non describe as interaccións que se darán entre a nova actividade proposta e a que se vén efectuando no peirao comercial desde o momento mesmo da súa creación, entendéndose que se poden causar interferencias entre ambas actividades que impidan o desenvolvemento das actividades de xeito coordinado.

O que non podemos esquecer é que o porto da Pobra é un referente, tanto pola súa eficiencia na xestión como pola elevada cantidade de empregos que xera, tanto de xeito directo como indirectamente, así como polo enorme impacto socioeconómico na comarca. Por todo isto, ademais destas cuestións, débese considerar a seguridade no traballo, xa que esta nova situación produciría a coincidencia dun vehículo do tipo do transportador de contedores manobrando un lugar no que son frecuentes e necesarios os desprazamentos a pé dos estibadores.



Cabe salientar outro aspecto fundamental, que é o impacto que este proxecto vai ter na paisaxe, o que non é un tema menor porque esta zona goza dun patrimonio natural envexable, que atrae a gran número de turistas e visitantes, o que supón un piar económico básico e dinamizador da comarca, polo que existe unha gran preocupación ante o impacto que esta nova actividade pode provocar no turismo.

Por parte do Concello da Pobra do Caramiñal, propuxéronse outras alternativas á situación proposta, e consideran como a máis acaída o propio polígono industrial da Tomada, no que a día de hoxe a empresa ALICRUSA xa conta cunha explanada na que almacena contedores.

Ante esta situación as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego o proxecto presentado pola empresa Alimentos Cruz del Sur S.A. (ALICRUSA) para a concesión de descarga de tñidos, mediante o posicionamento de contedores Reefer, no porto da Pobra do Caramiñal?

2ª) Valorou o Goberno galego as posibles interaccións que se poidan dar entre a nova actividade proposta e a que sen vén efectuando no peirao comercial desde o momento mesmo da súa creación e as posibles interferencias que entre ambas actividades se poden dar? En caso positivo, que conclusións obtivo?

3ª) Valorou o Goberno galego os posibles impactos que este proxecto pode ocasionar sobre a eficiencia na xestión que fai do porto de Pobra do Caramiñal un referente a nivel estatal? En caso positivo, que conclusións obtivo?

4ª) Valorou o Goberno galego as posibles consecuencias do proxecto sobre a elevada cantidade de empregos que xera o porto de Pobra do Caramiñal, tanto de xeito directo como indirectamente, así como o seu posible impacto socioeconómico na comarca? En caso positivo, que conclusións obtivo?

5ª) Valorou o Goberno galego as cuestións relativas á seguridade no traballo? Se for o caso, que conclusións obtivo?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2019 13:33:38
Nº Rexistro: 52158
Data envío: 02/07/2019 13:33:38.186

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 02/07/2019 13:30:30

Patricia Otero Rodríguez na data 02/07/2019 13:30:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación de máis xulgados de violencia machista en Galiza e a súa comarcalización.

Actualmente no noso país existen unicamente dous xulgados exclusivos de violencia sobre a muller ou violencia machista, un na Coruña e outro en Vigo.

A estes dous, hai que engadir os xulgados que existen noutros partidos xudiciais mais que compatibilizan estes asuntos con outros. Así acontece, por exemplo, en Lugo onde os casos relacionados con delitos de violencia machista recaen no Xulgado de Instrución número 3.

Para xustificar que apenas existan dous únicos xulgados exclusivos no noso país desde a Xunta de Galiza arguméntase –alén de que a demarcación e planta xudicial sexa unha competencia exclusiva do Estado-- en non contarmos con máis cidades e/ou vilas con carga de traballo suficiente que xustifiquen a súa creación.

Fano amparándose na lexislación vixente, nomeadamente, a Lei 38/1988, de 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial:

Artigo 15 bis

1. A planta xudicial dos Xulgados de Violencia sobre a Muller será a establecida no anexo XIII desta Lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A concreción da planta inicial e á que sexa obxecto de desenvolvemento posterior, será realizada mediante Real Decreto de conformidade co establecido no artigo 20 da presente Lei e axustarase aos seguintes criterios:

a) Poderán crearse Xulgados de Violencia sobre a Muller naqueles partidos xudiciais nos que a carga de traballo así o aconselle.

b) Naqueles partidos xudiciais nos que, en atención ao volume de asuntos, non se considere necesario o desenvolvemento da planta xudicial, poderanse transformar algúns dos Xulgados de Instrución e de Primeira Instancia e Instrución en funcionamento en Xulgados de Violencia sobre a Muller.

c) Así mesmo, cando se considere, en función da carga de traballo, que non é precisa a creación dun órgano xudicial específico, determinarase, de existir varios, que Xulgados de Instrución ou de Primeira Instancia e Instrución, asumirán o coñecemento das materias de violencia sobre a muller nos termos do artigo 1 da Lei Orgánica das medidas de protección integral contra a violencia de xénero con carácter exclusivo xunto co resto das correspondentes á xurisdición penal ou civil, segundo a natureza do órgano en cuestión.

3. Serán servidos por Maxistrados dos Xulgados de Violencia sobre a Muller que teñan a súa sede na capital da provincia e os demais Xulgados que así se establecen n anexo XIII desta Lei.

Debemos ter en conta que, no noso país, apenas dúas cidades superan os 200 mil habitantes: A Coruña con 244.850 e Vigo con 293.642. As demais, nin sequera chegan ás cen mil persoas agás Ourense con 105.505. Lugo, 98.025; Pontevedra, 82.802; Ferrol, 66.799 e Santiago 96.405.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, esta non pode ser escusa para impedir que as mulleres en situación de violencia machista en Galiza poidan acceder a un xulgado exclusivo con persoal formado en perspectiva de xénero e recursos materiais e económicos suficientes.

Neste senso, cómpre lembrar que a Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial sinala no artigo 87 bis a posibilidade de que dentro dunha mesma provincia poidan crearse Xulgados de violencia machista compartidos por distintos partidos xudiciais.

Artigo 87 bis.

1. En cada partido [xudicial] haberá un ou máis Xulgados de Violencia sobre a Muller, con sede na capital daquel e xurisdición en todo o seu ámbito territorial. Tomarán a súa designación do municipio da súa sede.

2. Sen prexuízo do previsto na lexislación vixente sobre demarcación e planta xudicial, o Goberno, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e no seu caso, con informe da Comunidade Autónoma con competencias en materia de Xustiza, poderá establecer mediante real decreto que os Xulgados de Violencia sobre a Muller que se determinen estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia.

Para o Bloque Nacionalista Galego esta podería, e debera, ser unha vía para iniciar a necesaria comarcalización destes xulgados.

Por todo o exposto con anterioridade formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Apoia a Xunta de Galiza a comarcalización dos Xulgados de Violencia contra a muller?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten desenvolvido o Goberno galego algunha acción ou medida diante das institucións xudiciais e/ou do Goberno español neste sentido?

- Que medidas prevé adoptar?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/07/2019 17:06:59

Xosé Luis Bará Torres na data 02/07/2019 17:07:07

Noa Presas Bergantiños na data 02/07/2019 17:07:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/07/2019 17:07:26





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 02/07/2019 17:07:34

Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2019 17:07:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Antón Sánchez García, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**, en relación á atención nos PACs e a pediatría.

Varios meses despois do comezo do conflito cos Puntos de Atención Continuada, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde non resolveron aínda a cuestión.

As e os traballadores seguen reivindicando un desbloqueo no proceso negociador, un cómputo de xornada correcto (ata o momento ven sendo utilizado un aplicativo que infraestima a xornada realizada) e o pagamento dos complementos de nocturnidade e festividade que foran suspendidos coa escusa da crise económica.

Coa crise da Atención Primaria e a crecente saturación asistencial, os Puntos de Atención Continuada son frecuentemente o recurso empregado por multitude de persoas que non conseguen resolver os seus problemas de saúde polas vías ordinarias, nas súas e seus médicos de familia ou pediatras. Somos coñecedoras da realidade dun número crecente de médicos e médicas de familia que atenden a diario a máis de sesenta pacientes no propio centro de saúde e no domicilio.

Se a situación de sobrecarga nas consultas de medicina de familia é moi considerable (previsiblemente empeorará no verán) como consecuencia de anos de desleixo na súa dotación e xestión, a situación da pediatría non é mellor.

Estes días coñeciamos que os nenos e nenas da cidade de Vigo que dispoñen de pediatra en horario de mañá e soliciten unha cita urxente pola tarde, mais os





nenos e nenas que teñan pediatra en horario de tarde (con ausencia deste) serán abordados polo Punto de Atención Continuada de Vigo, situado nos baixos do antigo Hospital Xeral. Isto afecta a nenos e nenas dos centros de saúde de Casco Vello, Lavadores, A Doblada, Rúa Cuba, Coia, Rosalía de Castro San Paio de Navia, Pintor Colmeiro, Teis, Nicolás Peña e López Mora.

O Punto de Atención Continuada de Vigo, sen asumir esta demanda, xa se atopaba cubrindo unha cantidade de pacientes que se atopa no límite recomendado polo propio Servizo Galego de Saúde, de trinta pacientes diarios por facultativo. Iso de luns a xoves: as fins de semana a ratio empeora. E sen contabilizar o tempo que as e os facultativos teñen que investir nas 8-10 atencións domiciliarias de media por garda, o que implica a ausencia do persoal durante unhas horas do propio dispositivo.

A esta realidade súmase a demoledora situación da atención pediátrica no rural galego, onde concellos pequenos (maioritariamente de fora do arco atlántico) sofren a ausencia de pediatra pola redistribución de profesionais en base ás baixas ratios. Isto implica que as nenas e nenos de concellos con baleirado demográfico dispoñen dunha dobre penalización e dunha evidente falta de equidade con respecto aos doutras localizacións xeográficas. Isto contribúe á perpetuación do avellentamento poboacional.

Cómpre, por tanto, buscar solucións globais ao grave problema da Atención Primaria, dos Puntos de Atención Continuada e da dotación de Pediatría (con especial gravidade no rural), fuxindo de solucións puntuais, improvisadas, curtopracistas e que só redundan nunha maior sobrecarga profesional e nunha peor atención poboacional.

Por ese motivo, a deputada Flora Miranda Pena e o deputado Antón Sánchez García formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:





- Que medidas de calado, a medio-longo prazo, está a desenvolver a Consellería de Sanidade para dar resposta solvente á gravísima crise da Atención Primaria galega, á problemática dos Puntos de Atención Continuada e ás carencias relevantes na atención pediátrica galega, especialmente no rural?
- Teñen pensado desbloquear o conflito dos Puntos de Atención Continuada cun cómputo de xornada correcto e unha remuneración xusta dos complementos que lles adebedan?
- Que medidas concretas desenvolveron para organizar e sistematizar a atención pediátrica ás nenas e nenos galegos, á marxe de solucións improvisadas como a implantada na cidade de Vigo co seu Punto de Atención Continuada?
- Que medidas desenvolverán para atallar a sobrecarga asistencial nas consultas de atención primaria en horario ordinario, sendo conscientes de que non resulta sostible nin de calidade atender a máis de sesenta pacientes por xornada?
- Que medidas pensan desenvolver para reducir a demanda innecesaria e fomentar a autonomía das persoas? Está programado dar algunha explicación á cidadanía ou seguirán confiando na capacidade ilimitada das e dos profesionais para asumir a demanda, tanto na atención ordinaria como na continuada?
- Está previsto desenvolver algunha triaxe efectiva para clasificar a demanda “urxente” e sen cita?
- Existe algún programa de coidado da dignidade profesional para evitar o fenómeno de burn-out, a marcha de novos traballadores e traballadoras, así como de fidelización de profesionais que rematan o seu período formativo?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Antón Sánchez García



Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 03/07/2019 12:13:21

Antón Sánchez García na data 03/07/2019 12:13:31





Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a realización de soltas de cuxas no termo municipal de Valga.

Cada ano o Concello de Valga solicita autorización para a realización dunha solta de cuxas e unha capea informal por parte de persoas sen ningún adestramento taurino previo, subsidiando con milleiros de euros unha práctica que humilla, vexa e provoca un sufrimento aos animais, que posteriormente son sacrificados para a venda de carne.

Na súa última edición vétese a presenza de menores de 12 anos conforme á Lei de Espectáculos Públicos de Galicia, amosando que estas prácticas non son axeitadas para a infancia e mesmo que esta convocatoria faise baixo unha suposta “Festa da Xuventude”.

Os mal chamados festexos taurinos menores dispoñen dunha menor protección normativa, incluso menos que no caso das touradas, e non se ten coñecemento de tarefas de inspección por parte da Garda Civil ou da Policía Autonómica, corpo delegado de xeito habitual en materia de espectáculos públicos.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

- Que opinión lle merece á Xunta a humillación, vexación e maltrato de animais de tan só dous anos de idade nun evento público?
- Pensa o Goberno tomar algunha medida para impedir a realización destes festexos cruentos cos animais?





- É consciente a Xunta de que está a facilitar o maltrato animal como forma de ocio nuns poucos municipios como Pontevedra ou Valga?
- Certificou a Xunta a presenza dun quirófano portátil ou dunha ambulancia tipo UVI no espazo onde se realizaba a actividade en Valga?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 03/07/2019 16:41:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre a aplicación de herbicidas nas marxes das estradas de titularidade autonómica para a eliminación de mato.

O Grupo Parlamentario Mixto foi alertado por parte de distintos colectivos do uso de compoñentes químicos por parte da Xunta de Galicia nas marxes das estradas da súa titularidade para a eliminación de mato.

Somos coñecedores do “vicio” que a Administración autonómica ten na aplicación destes venenos, concretamente do glifosato, potente herbicida xenérico que a Unión Europea está a punto de prohibir e que a OMS considera como canceríxeno.

Tamén, dende o Servizo Público de Defensa Contra Incendios Forestais, alertan de que o efecto que se consegue secando esta herba con veneno, acaba secando por completo polo que a velocidade de propagación é moito maior que si se roza, xa que deste xeito quedaría recen saída e verde.

Actualmente hai informes tallantes da Organización Mundial da Saúde (OMS) e de organismos de toxicoloxía en toda Europa que mostran os terribles efectos destes produtos no medio ambiente e o alto potencial canceríxeno en mamíferos e persoas. Recordan que todo o que toca este produto queda contaminado.



Estas malas prácticas, ademais de contribuír á contaminación química dos acuíferos e ao envelenamento do medio, son un factor engadido de risco de incendios pola cantidade de biomasa vexetal seca que se amorea. A práctica de evitar o crecemento da vexetación herbácea das cunetas mediante o uso masivo e indiscriminado de herbicidas, comporta máis efectos negativos que positivos.

Reclamamos o abandono destas prácticas e a substitución por traballos de rozado mecánico, con recuperación da materia orgánica para a fabricación de “compost”.

Por todo o anterior este deputado formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Ten pensado a Xunta de Galicia frear a práctica que esta está a usar ao botar velenos nas marxes das súas estradas polos riscos ambientais e para a saúde que conleva a súa aplicación?

Santiago de Compostela , 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 16:44:12



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Un dos obxectivos perseguidos en todos os concellos da Costa da Morte é prolongar o período de visitas turísticas á zona, limitado aos meses do verán e Semana Santa a través do Camiño dos Faros fundamentalmente. Esta tan necesaria desestacionalización do turismo comezou a dar os seus primeiros pasos, así agora é frecuente atopar visitantes ao longo do ano en calquera das vilas que compoñen o conxunto do traxecto.

De acordo coa páxina web “O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo de 200 quilómetros que une Malpica con Fisterra polo bordo do mar. Un camiño que ten o mar como maior protagonista e que pasa por todos os faros e principais puntos de interese desta Costa da Morte.”

Un Camiño dos Faros que percorre moitas paisaxes diversas, sempre mirando cara ao mar e cara ao oeste. Faros, praias, dunas, ríos, cantís, bosques, estuarios cunha gran cantidade de aves, mares de granito, castros, dolmens, vilas mariñeiras, miradoiros ao mar que rompe de todas as formas posibles, postas de sol ... e moita maxia. Unha ruta de sendeirismo como poucas, que levará ao camiñante a un mundo de sensacións únicas que só se poden gozar nesta Costa da Morte.”

Estes 200 quilómetros están divididos en 8 etapas, de dificultade media, que vai intensificando o grao de dificultade a medida que as etapas avanzan:

- Etapas 1: Malpica-Niñóns (21,9 Km)
- Etapas 2: Niñóns-Ponteceso (26,1 Km)
- Etapas 3: Ponteceso-Laxe (25,2 Km)
- Etapas 4: Laxe-Arou (17,7 Km)
- Etapas 5: Arou-Camariñas (22,7 Km)
- Etapas 6: Camariñas-Muxía (32 km)
- Etapas 7: Muxía-Nemiña (24,3 Km)
- Etapas 8: Nemiña-Cabo Finisterre (26,2 Km)



Non obstante, estas accións desenvolvidas polo grupo de voluntarios e voluntarias de Camiño dos Faros, que se fan chamar a si mesmos “Trasnos”, precisa de apoios institucionais e económicos. Desde a limpeza do trazado, o cal, non é doado dado que transcorre por zonas abruptas, ata a homologación da ruta. Os concellos afectados contribúen, na medida das súas posibilidades, a manter as distintas etapas transitables, pero estes esforzos non son suficientes.

Nunha xuntanza levada a cabo entre a Asociación de Camiño dos Faros e o CMAT (Asociación de Turismo Costa da Morte), na que están representados os distintos alcaldes e alcaldesas da bisbarra, púxose de manifesto a necesidade da homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido. Non obstante, a día de hoxe, e tras máis de 5 anos de tramitación, a homologación segue sen levarse a cabo por parte do Goberno galego. O cal é difícil de comprender, dada o importante labor que se está a facer, en canto á desestacionalización do turismo na zona.

Son varios os medios a nivel mundial que recoñecen o carácter transversal do Camiño do Faros, como destino conxugando patrimonio natural e cultural: *The Guardian*, *The Telegraph*, *Google Street View*, *Los Angeles Times*, *National Geographic*...

Entendemos que é o momento para que o Goberno galego dunha vez leve a cabo as actuacións precisas para que a homologación do Camiño dos Faros sexa unha realidade dentro do ano 2019.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos polos cales, despois de 5 anos de tramitación, o Goberno galego aínda non homologou o Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido?

2ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para axilizar a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido antes do remate do ano 2019? Se for o caso, cales?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/07/2019 13:32:17

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/07/2019 13:32:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Recentemente puidemos ver varios anuncios a páxina completa en diversos medios da prensa escrita galega sobre actuacións a desenvolver polo Servizo Galego de Saúde no contorno da Atención Primaria.

Nestes anuncios podíanse ler expresións autopropagandísticas como:

“A nosa sanidade pública é agora máis cercana. Agora os avances tecnolóxicos permiten conectar centros sanitarios cos domicilios dos pacientes crónicos para mellorar a súa saúde e evitarlles traslados innecesarios. Máxima comodidade do paciente crónico”.

“En marcha o Plan Galego de Atención Primaria. Grazas aos esforzos dos profesionais e a coordinación entre eles, as institucións e a cidadanía, estamos a construír a Atención Primaria do futuro da nosa sanidade pública...En marcha a mellora da relación cos pacientes e a comunidade...”

Neses mesmos medios, sen mudar de xornal nin de día, podíamos ler simultaneamente sobre:

- Listas de agarda de ata vinte días nos centros de saúde de O Rosal, A Guarda e As Neves
- Situación de precariedade do seu punto de atención continuada cun só equipo asistencial para as urxencias
- Ausencia de pediatra nas Neves con derivacións á Cañiza,





--Ausencia non substituída de tres médic@s no centro de saúde de Viveiro na quenda de mañá e situación asistencial caótica durante un festival de música que congrega milleiros de persoas,

--Publícase o manifesto denunciando a precariedade nas profesionais de enfermaría,

--Entrevista a un médico de familia (como tantos outros) que sobrepasaba os 60 pacientes atendidos nunha mañá,

--Declaracións da Directora Xeral de Recursos Humanos recoñecendo na comisión de Sanidade do Parlamento que durante a mal chamada crise o SERGAS fomentou a eventualidade profesional e que “non sempre hai contratación fraudulenta na concatenación de contratos”.

Estas últimas noticias son as que podíamos ver tal día coma hoxe cun breve e moi superficial repaso á prensa. Somos coñecedoras de que a realidade supera con creces o que describen os titulares: Pacs infradotados, profesionais en pé de guerra, o rural desabastecido de pediatras, consultas de atención primaria saturadísimas, contratación eventual e precaria de profesionais de enfermaría e doutras categorías, médicas e médicos de familia atendendo emerxencias fora dos concellos que teñen asignados (e no vehículo propio), recortes en profesionais de categorías non carenciadas, mobiliarios vergoñentos, material funxible de calidade mingunte, dificultade para as derivacións hospitalares, servizos de urxencias saturados (en consecuencia), listas de agarda inasumibles... En definitiva: persoas enfermas ante un contexto de saturación asistencial, perda de calidade e de accesibilidade e restrición grave de tempos para a atención.

Fronte a esta realidade, autopropaganda institucional financiada con cartos públicos, pintando unha realidade que nada ten que ver coa dos centros sanitarios públicos.





Os e as pacientes crónicas precisan, para a súa “comodidade”, profesionais dispoñibles, accesibles e non saturados que podan exercer con dignidade a súa atención sanitaria.

Efectivamente unha cousa é certa na propaganda institucional: o relativo ao esforzo profesional. Mais non debe ser este o único elemento que sosteña a atención en ausencia de políticas de xestión eficientes e respectuosas coas persoas enfermas e as traballadoras.

As campañas informativas, de seren necesarias, deben procurar a prevención e promoción da saúde nas persoas, o uso racional dos recursos e o empoderamento das persoas no manexo da súa saúde.

Por ese motivo, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas:

-Cal foi o custo económico, os medios empregados e a intencionalidade práctica da citada campaña de autopropaganda do Servizo Galego de Saúde nalgúns medios de prensa escrita?

-Valoraron investir eses cartos en campañas para fomentar a educación sanitaria da poboación, a prevención e a promoción da saúde, o fomento da autoxestión ante problemas de saúde, o coñecemento non propagandístico dos recursos sanitarios e o uso racional e optimizado dos mesmos?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

Asdo.: Florar Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 04/07/2019 16:25:32

Paula Quinteiro Araújo na data 04/07/2019 16:25:42



PREGUNTAS DA CIDADANÍA

DATOS DA PERSOA FÍSICA/RAZÓNS SOCIAL DA PERSOA XURÍDICA

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
ENRIQUE	GIL	SANTOS	76933115R
NOME DA VÍA	NUM	ANDAR	PORTA
PAXARIÑAL	2	4	N
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
36003	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		
630317453	nrqgil@gmail.com		

REPRESENTACIÓN DA PERSOA XURÍDICA (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TIPO DE REPRESENTACIÓN

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Medio de notificación preferente

- ☒ **Electrónica** a través do enderezo da Internet <https://sede.parlamentodegalicia.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada
- ☐ **Postal** (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

NOME DA VÍA	NUM	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

Resumo sucinto da iniciativa: PREGUNTA AL CONSELLERIO DE ECONOMÍA EMPLEO E INDUSTRIA SOBRE LAS CONDICIONES DE ACCESO MÍNIMAS AL BONO AUTÓNOMOS

MOTIVACIÓN (OPCIONAL):

Documentación que se achega:

- ☒ Texto da pregunta
- ☒ Certificación da inscrición no censo electoral das persoas físicas preguntantes
- ☐ Acreditación da representación legal

☒ A persoa asinante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

O **Parlamento de Galicia** é o **responsable** destes datos. A **finalidade** do tratamento é a de prestar un **servizo na Sede electrónica** da institución, **lexitimada** pola **normativa** aplicable. **Destinatarios:** non existen cesións de datos. As/os solicitantes poderán exercer os seus **dereitos** previstos na lei, mediante un formulario a través da páxina Web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos> na que dispoñen de **información adicional**.

166022

ISLACIÓN APLICABLE

Plamento do Parlamento de Galicia e normativa de desenvolvemento (art. 152 a 157)
 /2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia (art. 17)



SINATURA DA PERSOA FÍSICA OU REPRESENTANTE DA PERSOA XURÍDICA

Lugar e data

Santiago de Compostela

,

04

de

Xullo

de

2019

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 04/07/2019 13:03:50

CSV: BOPGDSPGgMLRVWcyj8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia

166023



- Pregunta sobre las condiciones de acceso al bono autónomos al Conselleiro de Economía Empleo e Industria

¿Cómo es posible que una ayuda que se saca para que los autónomos mejoren en competitividad, acceso a tecnologías y progresen en su negocio, tenga unas condiciones de acceso mínimas?

¿Tiene sentido que se exija una antigüedad mínima de 48 meses y una facturación anual mínima de 12.000 euros?

Durante este tiempo se soportan las cuotas a la seguridad social, dicha suma son 11.040 euros, que independiente de la facturación, se han pagado.

¿Es necesario unas condiciones de acceso mínimas? ¿No es un requisito más que de sobra para poder acceder a esta ayuda el llevar 4 años pagando las cuotas correspondientes de la seguridad social? ¿11040 euros pagados en los últimos 48 meses no es aval suficiente para conceder esta ayuda?

¿será la solución para sobrevivir como autónomo no emitir facturas, no pagar impuestos y no pagar la cotización de la seguridad social?

¿Se modificarán los requisitos de acceso a la ayuda o dejaran morir a los autónomos y sus negocios?



PREGUNTAS DA CIDADANÍA

DATOS DA PERSOA FÍSICA/RAZÓNS SOCIAL DA PERSOA XURÍDICA

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
ENRIQUE		GIL		SANTOS		76933115-R	
NOME DA VÍA				NUM		ANDAR	
RUA PAXARIÑAL				2		4	
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
36003		PONTEVEDRA		PONTEVEDRA		PONTEVEDRA	
TELÉFONO				CORREO ELECTRÓNICO			
630317453				NRQGIL@GMAIL.COM			

REPRESENTACIÓN DA PERSOA XURÍDICA (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TIPO DE REPRESENTACIÓN

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Medio de notificación preferente

- ☒ **Electrónica** a través do enderezo da Internet <https://sede.parlamentodegalicia.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada
- ☐ **Postal** (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

NOME DA VÍA		NUM		ANDAR		PORTA	
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	

Resumo sucinto da iniciativa: CONDICIONES DE ACCESO AL BONO AUTONOMO, UN INGRESO MÍNIMO DE 12000 EUROS Y ANTIGÜEDAD DE 48 MESES. 48 MESES A 230 EUROS CADA MES= 11040 EUROS. AUN ASÍ PIDEN UN MINIMO DE FACTURACION ANUAL

MOTIVACIÓN (OPCIONAL):

Documentación que se achega:

- ☒ Texto da pregunta
- ☐ Certificación da inscrición no censo electoral das persoas físicas preguntantes
- ☐ Acreditación da representación legal

☐ A persoa asinante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

O **Parlamento de Galicia** é o **responsable** destes datos. A **finalidade** do tratamento é a de prestar un **servizo na Sede electrónica** da institución, **lexitimada** pola **normativa** aplicable. **Destinatarios:** non existen cesións de datos. As/os solicitantes poderán exercer os seus **dereitos** previstos na lei, mediante un formulario a través da páxina Web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos> na que dispoñen de **información adicional**.

166025

ISLACIÓN APLICABLE

Plamento do Parlamento de Galicia e normativa de desenvolvemento (art. 152 a 157)
 /2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia (art. 17)



SINATURA DA PERSOA FÍSICA OU REPRESENTANTE DA PERSOA XURÍDICA

GIL SANTOS ENRIQUE - 76933115R

Firmado digitalmente por GIL SANTOS ENRIQUE - 76933115R
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-76933115R,
givenName=ENRIQUE, sn=GIL SANTOS, cn=GIL SANTOS ENRIQUE - 76933115R
Fecha: 2019.07.04 12:56:34 +02'00'

Lugar e data

PONTEVEDRA

,

4

de

JULIO

de

2019

Parlamento de Galicia

166026



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

